

BENJAMIN CONSTANT

O caderno vermello

Traducido por Marie Abreira



Vólvense os paxaros contra as escopetas

I

Nacín o 25 de outubro de 1767, en Lausanne, Suíza, fillo de Henriette de Chandieu, procedente dunha vedraña familia francesa refuxiada no cantón de Vaud a causa da súa relixión, e de Juste Constant de Rebecque¹, coronel nun rexemento suízo ao servizo de Holanda. A miña nai morreu a consecuencia do parto, oito días despois de darme a luz.

O primeiro preceptor do que conservo un nidio recordo foi un alemán chamado Stroelin, que mallaba en min e logo me enchía de aloumiños para que non lle fose coas queixas ao meu pai. Mantiven sempre fielmente a miña palabra, mais, cando o asunto se descubriu sen a miña intervención, botárono da casa.

Con todo, o home tivera unha idea bastante enxeñosa: facer que inventase o grego para aprendermo, ou o que é o mesmo, propúxome que entre os dous inventásemos unha lingua que só nós coñeceríamos. A idea entusiasmoume. Primeiro preparamos un alfa-

¹Juste Constant de Rebecque (Lausanne, 1726-Brevans, 1812) casou en 1766 con Henriette de Chandieu (1742-1767), e á morte desta aos dous anos de matrimonio, volveu desposarse e tivo dous fillos. Alistouse moi novo nun rexemento suízo ao servizo de Holanda. En 1783 ascendeu a coronel, pero tras un motín nas súas filas foi cesado no seu labor e condenado a pagar as custas. Arruinado, vendeu as súas propiedades en Vaud e abandonou Suíza definitivamente. En 1791 adquiriu a nacionalidade francesa. Logrou a rehabilitación como militar en 1796, co grao de xeneral de brigada, e o goberno da República Bática outorgoulle unha pensión.

beto no que el ía introducindo as letras gregas. Despois comezamos un dicionario no que cada palabra francesa estaba traducida a unha grega. Isto gravábase de marabilla na miña cabeza, porque eu coidaba que era o inventor desa lingua. Xa sabía unha chea de vocábulos gregos, e dedicábame a aplicarlles leis xerais ás palabras que argallara. Cando o meu preceptor foi despedido eu estaba aprendendo a gramática grega. Tiña cinco anos.

Ao facer sete, o meu pai levoume a Bruxelas, onde fixo o propósito de encargarse en persoa da miña educación. Pero non tardou en renunciar e en pórme un preceptor francés, o señor de La Grange, cirurxián xefe no seu rexemento. Este señor de La Grange era ateo. Polo demais, e até onde lembro, era un home bastante mediocre, moi ignorante e dunha vaidade excesiva. Tratou de seducir a filla dun profesor de música co que eu tomaba leccións. Tivo varias aventuras ben escandalosas. Por fin, hospedouse comigo nunha casa sospeitosa, para que o molestasen menos nos seus praceres. O meu pai chegou furioso do seu rexemento e despediron o señor de La Grange.

Namentres esperaba por outro mentor, o meu pai aloxoume na casa do meu profesor de música, onde residín uns meses. Esta familia, que o talento do pai lograra arredar da clase máis vulgar, alimentábame e coidábame que daba xenio, malia non facer nada pola miña formación. Tiña algúns mestres cuxas leccións evitaba, e puxeran ao meu dispor un gabinete literario da veciñanza que contaba con todas as novelas do mundo e con todas as obras irrelixiosas que daquela estaban de moda. Deste xeito, lía decotío entre oito e dez horas, e todo

